



Concello de **OURENSE**

Expte. Cividas: 2018019321

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 15 de xuño, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería de Servizos Xerais, mediante providencia asinada en data 12 de xuño, visto o informe favorable de fiscalización emitido pola Intervención Xeral en data 30 de xullo de 2018, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 15-T/2018, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións encadradas na mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 9

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N130.9200.22706	Traballos realizados por outras empresas. Serv. Xerais	439.000,00 €
Total Transf. Positivas:		439.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.9200.12100	Complemento destino Servizos Xerais	50.000,00 €
N230.9200.12101	Complemento específico Servizos Xerais	185.000,00 €
N230.9200.16000	Cota patronal S. Social Servizos Xerais	150.000,00 €
N230.9201.12100	Complemento destino Parque Móbil	30.000,00 €
N230.9203.12101	Complemento específico Recursos Humanos	24.000,00 €
Total Transf. Negativas:		439.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV: BHCAOZJJ72KOL6JQ

